

Anxo Tarrío Varela

Blanco-Amor

Dúas grandes novelas en castelán

Despois dalgunhas experiencias narrativas que podemos calificar de menores, aínda que non carentes de interese (un relato, de 1927, titulado "Os nonnatos"; unha novela curta iniciada no mesmo, *A escadeira de Jacob* e uns *Cuentos de la ciudad*, que publicou a partir do ano 1933 na prensa periódica e en revistas varias), no ano 1948, saía dos prelos bonaerenses a primeira gran novela de Blanco-Amor: *La catedral y el niño*. Fronte a todo o que fixera até aquel momento no ámbito da narrativa, con ela, inicia o noso autor unha esculca da sociedade da súa Ourense natal, ou Auria, como gustar de nomeala deica en adiante nas ficcións narrativas, e inicia tamén un percorrido a través da memoria cunha técnica de narración en primeira persoa que acabaría por adoptar como preferida. Tivo este texto de Blanco-Amor boa acollida na prensa de ultramar e nalgunha que outra reseña periodística de por aquí, pero pasoulle desapercibida á crítica da literatura española, en xeral, con intelixentes e contadísimas excepcións.

A novela narra os primeiros dezanove anos da vida de Luís Torralba, fillo da burguesía vinda a menos e da fidalguía degradada, poeta dunha certa sensibilidade e formación que, educado na vida mol e improdutivo dunha clase social provinciana cargada de inercias rituais e de prexuizos, decide finalmente marchar para Buenos Aires arrastrado polo amor dunha bela muller, Ruth Valeiras, filla dun próspero "indiano".

Nunha análise en profundidade, que non podemos realizar aquí, conviría empezar polo mesmo título da novela, pois está moi ben axustado ao xogo de tensións vivenciais que o protagonista sofre no seu foro interno e converte o enorme templo auriense en algo vivinte, en algo que respira de seu, nunha metáfora da loita do home entre a querencia centrípeta pola volta ao claustro materno e a centrífuga de emancipación, de liberdade e de necesidade de iniciar o camiño da viaxe iniciática. A maxistral descripción da catedral e da cidade de Auria con que inicia o seu texto Blanco-Amor, anúncianos xa a escura dialéctica entre a fascinación polos proxenitores e a necesidade de se despegar deles sen os traicionar; entre o amor á vida mol dunha burguesía provinciana, chea de contradicións nos códigos de comportamento do seu vivir cotiá, monótono e iterativo e o rexeitamento dos seus convencionalismos e hipocresías.

En efecto, nesa descripción, aparecen notas negativas, como de reproche, xunto doutras que alixeiran algo a imponente da mole pétrea, facéndoa máis humana e atractiva. E este xogo descritivo de contrarios

parece apoiar como recurso de expresión connotativa a realidade dunha relación paterno/materno-filial que ao longo da novela se nos vai desvelando con caracteres conflitivos e mesmo freudianos. Así, a catedral, que se nos describe por veces como detentadora dun poder grave e pesado, informando toda a vida do burgo auriense, como un grande navío entre febles embarcacións zozobrantas, como un señor feudal entre "vasallos obscuros" ou Príncipe da Igrexa, soberbio e poderoso, entre unha turba poeirenta e axeonllada, tamén ten lugares líricos de elevación e de alegría, como o cimborrio "casi musical", ou a "diadema de las campanas: palomar sonoro desde donde se flechaba hacia el confín, junto con la llamada de Dios, el vuelo de las leyendas". E tamén gardaba "algunas ternuras que los chicos de todas las generaciones habían decubierto y utilizado para su goce, trocándolo en su magno juguete de piedra: el atrio de la Fuente Nueva".

O narrador retrotráese aos seus oito anos de idade e comeza a rememorar a súa infancia e adolescencia, o conflito, moi traumático para el (nenos curiosos e especialmente sensíbel), da separación dos pais, as primeiras relacións sociais, os primeiros devaneos do xogo cultural e as primeiras loitas e dúbidas sobre a verdadeira identidade duns sentimentos que, na adolescencia, se moven por veces, entre as difuminadas e escuras fronteiras da amizade, a admiración, o amor, o erotismo e o sexo. É, xa que logo, un *tranche de vie* o que se nos ofrece, deixando á imaxinación do lector a evolución do personaxe posterior á súa partida para a Arxentina.

O tempo referencial da novela podemos fixalo entre 1895 e 1914, que coincide pouco máis ou menos coa infancia e adolescencia do propio Blanco-Amor, quen, nacido no 1897, emigrara tamén á Arxentina no ano 1919. E con respecto ao escenario da novela, cómpre subliñar que con *La catedral y el niño*, como xa indicabamos antes, se instala Blanco-Amor, no que se refire aos espazos de ficción da súa narrativa, xa definitivamente na cidade que o vira nacer.

A mestría con que Blanco-Amor manexa o coñecemento dos códigos de comportamento da burguesía; a habelencia que amosa no uso da lingua castelá, polo que respecta a campos léxico-semánticos de non doado dominio, como poden ser os do enxoval doméstico ou eclesiástico, ou os da terminoloxía arquitectónica e artística, etc., mesturado todo cunha dose ben ponderada dos rexistros lingüísticos populares e a suxestión dunha vida rural gobernada en lingua galega por unha fidalguía xa degradada, van debuxando un escenario coherente que na mente do lector se vai enchendo de vida ata configurar o panorama total dunha cidade de provincias determinada por unha estrutura social piramidal que no cume atopa a Igrexa como detentadora última do poder sobre as persoas e as ideas.

Os personaxes posúen esa redondez individualizadora que atopamos na mellor novela realista europea dun Stendhal, Flaubert, "Clarín", Galdós ou, sobre todo, quizais, dun Eça de Queirós. Pero agora a atmosfera xeral

en que se moven pasa por unha imaxinística que xa coñeceu o impresionismo, o creacionismo e o surrealismo, facendo do texto desta novela algo diferente ao que atopabamos no realismo decimonónico, anque non dun xeito radical, pois, á fin, tratábase tamén de evocar un mundo inmovilista, aínda non incorporado á vida do século XX, levemente metaforizado este polo arranque de modernidade dunha das tías de Luís Torralba, quen, estando a piques de se converter nunha rancia e típica beata solteirona, reprimida e cargada de complexos, decide de súpeto casar cun catalán e marchar de Auria para sempre, transformada e rexuvenecida.

Caracteres dunha gran variedade de matices, xunto doutros máis esquemáticos e literarios, tomados quizais da novela máis naturalista da Pardo Bazán, compoñen, en definitiva un entramado psicolóxico, sociolóxico e ideolóxico, tecido, por unha parte, de vedrañas e polarizadas certezas, decantadas, á súa vez, dos fanatismos conservador ou liberal en que se entretiña a principios de século a Auria recordada, e, por outra, de xuvenís dúbidas e exquisiteces vangardistas que facían da Auria de ficción pero tamén do Ourense histórico un ámbito cheo de personalidade, de contradicións e de pintoresquismo.

O alarde de coñecementos de que fai gala Blanco-Amor nesta novela, no referente ao comportamento e hábitos non só da burguesía provinciana senón tamén dos ambientes mundanos e refinados de calquera cidade de occidente, habíanlle servir, algo máis adiante, para compoñer o seu entretido e amenísimo ensaio titulado *Las buenas maneras* (1956), todo un compendio de urbanidade exquisita, de intelixencia e de saber circular polo mundo con verdadeira elegancia nas situacións máis sutís e delicadas. Precisamente, cómpre ter moi en conta isto porque, cando o noso autor nos leve (como e o caso dalgúns contos de *Os biosbardos* ou da novela *A esmorga*) a ámbitos onde a incultura, a brutalidade, a sordidez, a ordinariez e a vulgaridade sexan as notas dominantes dos ambientes de ficción (realista-naturalista) haberá que ponderar no seu xusto valor o que tén iso de pescuda de novas poéticas e a renuncia a unha literatura máis afagadora e gratificante dos hábitos lectores da sociedade ben pensante. Renuncia que lle custou máis dun disgusto e dunha marxinación, como ocorreu coa súa novela *Los miedos*, que imos ver a continuación, con *A esmorga* (1959), que non puido publicarse en España no seu momento e con *Xente ao lonxe*, que sufríu graves mutilacións censoras na súa primeira edición (1972).

En *Los miedos* (1963), novela que fora finalista do premio Nadal, asolágase Blanco-Amor outra vez no mundo dos nenos. Na dedicatoria do libro xa se orienta o lector cara a ese mundo: *A Daniel Díaz Ochoa, quien me pidió que escribiese "una novela de chicos"*. Pero vai máis alá de todo iso, como veremos. A técnica narrativa recorre ao manuscrito atopado e transcrito por man do autor, neste caso, un profesor que dá clases aos fillos (medio idiotizados) dos ricos. Ese autor-profesor xa sabe que é un recurso

moi socorrido e así nolo fai ver na "Advertencia" con que encabeza a súa novela: "Ya sé que esto de encontrar y publicar los papeles de un muerto es recurso literario asaz subalterno y manido".

A novela introdúcenos na vida dun pazo próximo a Auria, a onde van os nenos (o narrador en primeira persoa, Luís de Valdouro, e os seus primos) pasar as vacacións estivais coa avoa Zoe, todo un carácter de muller fidalga, práctica e nada remilgada, nin fronte das adulacións das aristócratas arruinadas, que se autoinvitan a pasar unha temporada de lecer gratuíto á súa conta, nin fronte dos caseiros e criados, primitivos e raposeiros, aínda que fieles ao seu xeito, a quen ela sabe tratar con sabedoría chea de enteireza e tenrura ben entendida. Con este motivo, Blanco-Amor, á parte de introducirse no prometido, é dicir, no mundo dos nenos, cunha agudeza psicolóxica certamente asombrosa, sen poñer limitacións á súa análise nin inhibirse diante dos aspectos máis escabrosos e perversos que a descrición da infancia e adolescencia esixe, aproveita para debuxar un cadro descarnado e moi dinámico de personaxes das diferentes castes sociais, coas súas vidas ateigadas de convencionalismos, as súas paixóns, miserias e hipocresías.

A loita da iniciación ao sexo, sempre equívoco nas idades que Blanco-Amor se atreveu a esculcar, as dúbidas e os complexos que aboucan a adolescencia, as relacións moitas veces tiránicas e despiadadas que informan o mundo da infancia e da adolescencia, baixo a atenuante da inocencia, son vistos por Blanco-Amor cunha forza penetradora que só quen lea a literatura con preconceptos temáticos limitadores non saberá valorar en toda a súa grandeza artística. O título da novela sintetiza moi ben esa etapa de zozobra e inseguridade, a miúdo raiana no vértigo existencial, que conforma a adolescencia.

Certamente, estamos diante dunha novela que, para os anos en que foi escrita, representa un xesto de gran valentía por parte de Blanco-Amor. Unha novela que merece unha relectura e unha análise máis exhaustiva cá que podemos levar a cabo aquí, pois tomando xinea na narrativa realista e naturalista do XIX (quizais sexa inevitábel falar da Pardo Bazán, dun certo Valle-Inclán, de Otero Pedrayo e de Eça de Queiróz) coidamos que sobarda eses lindeiros poéticos e penetra no século XX con pleno dinamismo e actitude renovadora. E iso porque Blanco-Amor nunca se limita nas súas novelas a levantar acta dunha realidade puntual, histórica e excesivamente limitada por unha contextualización costumista, senón que afonda no que hai en toda anécdota de constante e de permanencia do ser humano a través dos tempos e dos espazos.